| PROPOSTA PEDAGÓXICA COMEDORES AMES 23/24. A VOLTA Ó MUNDO | | | |
|---|---|---|---|
| **MES** | **BLOQUE TEMÁTICO** | **OBXECTIVOS** | **ACTIVIDADES DE EXEMPLO** |
| **SETEMBRO** | **¡Comeza a aventura!** | Benvida e acollemento dos/as menores:<br>Interiorizar as normas básicas de convivencia, hixiene e saber estar durante o xantar.<br>- Aprender as normas básicas que rexen as actividades que se desenvolven no tempo libre.<br>- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.<br>Desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e compañeirismo cara todos os/as membros da Comunidade Escolar. | 1. Creación panel/mural "Máis que un xantar": consolidación de normas<br>2. Elaboración de móbiles para decoración de comedor<br>3. Creación blog: presentación<br>4. Elixir países ós que viaxar<br>5. Realizar pasaporte |
| **OUTUBRO** | **Falamos diferente** | Queremos comezara a traballar os países a través das linguas<br>- Traballar a autoestima e autocoñecemento.<br>- Fomentar as interrelacións e habilidades sociais | 1. Mural das palabras<br>2. Así son eu e que lugares coñezo: Autocoñecemento<br>3. Intercambios online con outros centros educativos/comedores a través de internet (mail, videoconferencia...).<br>4. Diccionario de Ames |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **NOVEMBRO** | **Culturas diferentes** | O mes de Novembro vai asociado a contidos de igualdade de oportunidades.<br>- Descubrir diferentes formas de violencia de xénero.<br>- Reflexionar sobre a igualdade de oportunidades nos diferentes paises<br>- Coñecer estereotipos de xénero nas culturas<br>- Celebrar o día contra a violencia machista.<br>- A igualdade nos diferentes países | 1. Gafas da igualdade<br>2. Lemas da igualdade<br>3. Mural día da violencia<br>4. Realizamos bandeiras |
| **DECEMBRO** | **O Nadal no mundo** | Celebración da festividade de Nadal:<br>- Crear elementos decorativos propios de dita festividade.<br>- Comparar a celebración de Nadal dos nosos avós e avoas: o Apalpador<br>- Reflexionar sobre o consumo derivado destas datas.<br>- Coñecer o Nadal noutras culturas en contraposición ós nosos costumes.<br>- Coñecer recursos lingüísticos e xogos propios da data | 1. Decoración con refugallo<br>2. Campaña de recollida de xoguetes e contos<br>3. Xogos temáticos<br>4. Santa Claus, Apalpador e outros<br>4. Actividades Nadal |
| **XANEIRO** | **Viaxes con sabor** | No mes de xaneiro centrarémonos nas comidas:<br>- Descubrir e adquirir habilidades e destrezas poñendo en funcionamento os cinco sentidos.<br>- Experimentar e identificar sensacións a través dos cinco sentidos para obter información da contorna.<br>- Descubrir comidas típicas de outros países<br>- Fortalecer a autoestima de cada participante. | 1. Obradoiro táctil con alimentos<br>2. Música nos fogóns: obradoiro de percusión con elementos de cociña<br>3. Receita de comida típica de outras culturas |
| **FEBREIRO** | **A ritmo de entroido** | Mes de febreiro dedicado ó Entroido, pero desta vez coñeceremos as tradicións desta data por diferentes zonas.<br>- Fomentar a creatividade e expresión artística a través de manualidades de Entroido.<br>- Descubrir contos doutros países.<br>-Coñecer as diferentes formas de celebrar esta data por diferentes zonas.<br>-Coñecer tradicións, ofrece a oportunidade de traballar a igualdade.<br>-Traballar diferentes formas de comunicación: verbal, non verbal...: | 1. personaxes típicos do Entroido<br>3. Entroidada (disfraces e trucos/bromas de entroido)<br>4. Actividades Entroido |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **MARZO** | **A cantar** | O mes de marzo ten unha repercusión especial no tratamento de contidos sobre igualdade de xénero:<br>- Concienciar e sensibilizar sobre a igualdade a través das cancións<br>- Romper cos estereotipos e roles tradicionais asociados á muller. Faremos actividades específicas sobre a igualdade de xénero.<br>- Descubrir as realidades da sociedade en canto á corresponsabilidades e concienciar sobre o reparto de tarefas. | 1. Analizar letras de canción<br>2. Preparar a canción para o festival<br>3. Eurovisión da igualdade<br>4. Realizar monumento típico dos países<br>5. Celebrar día contra o racismo con cancións |
| **ABRIL** | **Contos por países** | O mes de abril estará adicado á animación á lectura<br>- Coñecer a biblioteca escolar.<br>- Celebrar o día do libro<br>- Descubrir a riqueza cultural dos libros e contos. | 1. Elaborar rosas con material de refugallo e marcapáxinas<br>2. Lapbook<br>3. Visita biblioteca escolar/xogos lectores e de creación<br>4. Actividade día do libro |
| **MAIO** | **Olimpiadas** | Este mes prepararemos as grandes olimpiadas<br>- Xogos populares de cada país<br>- Coñecer deportes de cada país<br>- Descubrir deportistas importantes de cada país<br>- Aprender a competir de forma sá | 1. Xogos populares por zonas.<br>2. Deportes típicos.<br>3. Deportes adaptados<br>4. Realizamos olimpiadas |
| **XUÑO** | **A volta ó mundo** | No último mes rematamos o curso cun concurso de países<br>- Valorar as actitudes e aptitudes para acadar o éxito<br>- Descubrir aspectos relacionados ca igualdade de xénero no mundo<br>- Fomentar a autoestima de cada un, valorando as súas capacidades<br>- Concienciar sobre o respecto e coidado do medio ambiente. | . Concurso de mellores culturas, amosando culturas, comidas, linguas, deportes, bandeiras, monumentos… |

1. **LUNS** –Xogos tranquilos: audiovisuais/videoteca, biblioteca, xogos de mesa, xogos de atención e memoria
2. **MARTES** – Actividades transversais: Valores, Educación vial, educación para o consumo, educación ambiental, TIC´s, Cultura Galega, Igualdade de Xénero, Emocións.
3. **MÉRCORES** – Actividade temática ou preparación/celebración de datas especias
4. **XOVES** –Xogos de expresión artística
5. **VENRES** – Xogos predeportivos e deportivos/ xogo libre

Faranse actividades relacionadas ca cultura, deportes, comidas, idiomas, costumes.... de diferentes continentes e países (cada grupo/curso ou ciclo) centraríase nun lugar; rematando con olimpíadas, concursos como Eurovisión, competicións internacionais.